

TEMA 18 – A CUESTIÓN NACIONAL NO SÉCULO XIX¹

ORIENTACIÓNS DA PAU: O alumnado deberá demostrar que coñece os factores que levaron á eclosión dos nacionalismos periféricos (o seu nacemento como unha reacción fronte ás pretensións centralistas do Estado Liberal), o seu ideario, así como o seu desenvolvemento posterior (carácter minoritario nos comezos até a súa conversión en movementos de masas, cunha importante influencia política, capaces de enfrontarse aos partidos da quenda). Deberá tamén facer mención dos seus principais líderes.

Os documentos obxecto de comentario farán referencia:

- ás bases ideolóxicas do nacionalismo catalán.
- ás bases ideolóxicas do nacionalismo vasco.
- aos principios fundamentais do galeguismo.

1. NACIÓN E NACIONALISMOS

Seguindo ao profesor Núñez Seixas, podemos definir **nacionalismo** como “a defensa e asunción de que un territorio determinado constitúe o ámbito no que un colectivo humano, definido como unha nación, exerce a súa soberanía e que, polo tanto, é suxeito de dereitos políticos colectivos”². Dependendo dos criterios de inclusión na nación poderemos falar de nacionalismo étnicos (que inciden na procedencia, lingua, historia ou etnia) ou cívicos (de tradición liberal, que incide na vontade de pertencer á nación). Na realidade, todos os nacionalismos mesturan elementos cívicos e étnicos.

Os nacionalismos xorden durante o s. XIX en toda Europa, a partir do romanticismo (que exaltaba as de estado para cada nación. No contexto europeo atoparemos nacionalismos que pretenden agrupar a diferentes territorios dentro dun mesmo estado (como o alemán, italiano ou o español) e outros que pretenden a secesión dun estado xa existente (como o catalán, vasco ou galego).

2. NACIONALISMO ESPAÑOL

O proceso de construción da nación española é un proceso lento, desigual e que se produce durante o s. XIX. A Guerra da Independencia, o liberalismo das Cortes de Cádiz e o posterior exilio dos liberais con Fernando VII constitúen factores de nacionalización. Con todo, o sentimento nacional español será débil. De feito, non será até a crise finisecular cando o nacionalismo español non se articule da man do rexeneracionismo. Ao longo do s. XIX, podemos distinguir dous grandes grupos:

- 1) **Conservador** que recibiu a achega da visión historicista de Cánovas e a síntese elaborada por Menéndez Pelayo onde predominaba a compoñente católica, a monarquía como forza unificadora e o destino común trazado pola Historia. Foi defendido por liberais conservadores e progresistas cunha forte influencia da Igrexa católica e tivo como “inimigos interiores” á esquerda e aos nacionalismos periféricos.
- 2) **Liberal-democrático** parte da evolución do liberalismo progresista e democrático español desde mediados do s. XIX. Asumen a visión do pasado nacional elaborada pola historiografía liberal ao que incorporan elementos como a interpretación castelanista de Ortega e Gasset . A súa vontade é construír unha nación de cidadáns conscientes con plenos dereitos democráticos. (defendido por liberais democráticos e republicanos, máis abertos á descentralización e a recoñecer outras identidades nacionais). A súa relación cos nacionalismos periféricos mestura diálogo e conflito.³

3. FACTORES QUE LEVARON Á ECLOSIÓN DOS NACIONALISMOS PERIFÉRICOS

A partir da segunda metade do s. XIX xorden en España manifestacións culturais e políticas na periferia peninsular, principalmente en Cataluña, Galiza e País Vasco (Valencia en menor medida), que

¹ Os materiais son de Paco Orge Ventín, manual de Historia de España de 2º de Bacharelato da editorial Baía e texto de Miguel Abaira [<https://drive.google.com/file/d/1khLG3jp07qqSbZb0aZRxupl5DyHl9uA5/view>].

² Núñez Seixas, Xosé M. (2018): *Suspiros de España. El nacionalismo español 1808-2018*. Ed. Crítica, Barcelona. p. 13.

³ *Idem*: (pp. 47-52).

evolucionaron progresivamente na defensa da existencia de nacións propias diferenciadas da española. Estes movementos enténdense pola conxunción dunha serie de factores:

- 1) A **diversidade** cultural e lingüística en España
- 2) Na **imposición do Estado liberal**, centralista e unitario, que se pode apreciar nas seguintes medidas:
 - Nomeamento dos alcaldes dos municipios desde o goberno central.
 - Eliminación dos foros que aínda conservaban Navarra e os territorios vascos.
 - Homoxeneizando do corpus xurídico e económico creando un único Código Penal (1848), un único sistema de pesos e medidas (1858) ou implantando unha única moeda, a peseta (1868).
- 3) A **feble nacionalización española**, isto é, o débil desenvolvemento dun sentimento nacional español espallado pola poboación.
- 4) O **desigual desenvolvemento capitalista**, que provocou importantes desequilibrios no desenvolvemento económico de determinados territorios alentando a reivindicación da burguesías vasca e catalá.
- 5) O **descontento e a desilusión** pola marcha xeral do país, consecuencia do atraso económico, cultural e político e dos fracasos e desastres coloniais (Desastre do 98 e crise da Restauración).

Nos seus comezos, os nacionalismos periféricos tiveron un carácter minoritario. Porén, nalgúns territorios a súa mensaxe foi progresivamente aceptada por amplos sectores sociais, converténdose nas últimas décadas do século XIX en movementos de masas capaces de enfrontarse aos partidos da quenda grazas á súa importante influencia política.

En canto ao seu ideario, en liñas xerais podemos sinalar que estes nacionalismos periféricos compartían o feito de rexeitar a existencia dunha nación española unitaria e de defender unha nova organización do Estado español compatible co autogoberno.

4. CATALANISMO

O catalanismo defínese como un amplo movemento de defensa dos intereses cataláns en todos os campos, desde o político ao cultural. Foise configurando e matizando desde as décadas centrais do s. XIX, e adquiriu plena vertebración nas décadas finais dese século e nas iniciais do XX:

1. A aparición do catalanismo conta con varios factores explicativos entre os que desatacan:
2. A existencia dunha lingua propia, empregada maioritariamente por todas as clases sociais.
3. A permanencia dos costumes e do dereito tradicional catalán.
4. A consciencia dun pasado histórico glorioso perdido coa imposición dos Decretos de Nova Planta e símbolos compartidos como a bandeira, himno ou a institución da Generalitat.
5. desenvolvemento industrial e a marxinación política sentida polos cataláns no proceso de centralización na construción do Estado liberal.

Na década de 1830 nace coa *Renaixença*, un movemento literario para recuperar a cultura catalá. Na década de 1880 pásase a un Rexionalismo que pide maior autogoberno para Cataluña. Diferéncianse dúas tendencias: unha progresista e laica e outra tradicionalista e conservadora.

A **tendencia progresista** estivo liderada por Valentí Almirall. Grazas ao seu impulso preséntase ante Afonso XII en 1885 o *Memorial de Greuges* (Memorial de agravios): unha crítica política do Goberno acompañada de propostas para modificar a estrutura centralizada do Estado.

A **tendencia conservadora** tivo máis capacidade de acción e influencia na vida política española. En 1891 créase o grupo político *Unió Catalanista*, que deu a coñecer o seu programa en 1892 nas Bases para a Constitución Rexional Catalá, coñecidas como Bases de Manresa. Neste texto de 17 artigos achégase un ideario político de claro contido conservador, no que derivaban cara un nacionalismo

baseado nos principios de orde, tradición, relixión e propiedade. Enric Prat de la Riba será o seu principal teórico.

A converxencia da burguesía co catalanismo moderado plasmoste na formación da *Lliga Regionalista*, liderada por Francesc Cambó. O seu triunfo nas eleccións de 1901 fixo perder peso aos partidos dinásticos e unha crise no sistema caciquil. Nas eleccións de 1907, a unión dos partidos catalanistas en *Solidaritat Catalana* arrasa conseguindo 41 dos 44 escaños en disputa en Cataluña, sendo xa moi capaces de gañar, pese ao fraude, aos dous partidos da quenda. O catalanismo político conseguirá que o Goberno español aprobe a Lei de Mancomunidades en 1913 e, un ano despois, constitúese a Mancomunidad de Cataluña.

No ano 1931 xorde *Esquerra Republicana Catalunya*, liderada por Francesc Macià de ideoloxía d'esquerdas e que será hexemónico na II República.

5. NACIONALISMO VASCO

O nacionalismo vasco, caracterizado principalmente pola defensa da súa singularidade étnica e do sistema foral, aparece no último cuarto do século XIX debido, basicamente, a dúas causas:

- A **rápida industrialización** de Biscaia, que estaba transformando a economía, a sociedade e a cultura tradicionais, sobre todo pola chegada masiva de inmigrantes non vascos (*maketos*).
- A **abolición dos seus privilexios forais** históricos tras a última Guerra Carlista (1876), que supuxo o final da peculiaridade política vasca.

Sabino Arana foi o seu principal ideólogo. Este, ante a abolición dos foros e o perigo da desvasquización, defendeu de forma radical a independencia dos territorios vascos. O seu pensamento baseouse na crenza da liberdade inmemorial dos vascos e na idea de que a súa incorporación á Coroa de Castela na Idade Media foi pactada e non por conquista. Sabino Arana defendeu a unión destes territorios vascos nunha nova entidade política -*Euzkadi*-, creou a súa bandeira -*A Ikurriña*- e redactou o seu himno. Ademais, articulou os principios sobre os que se debía rexer o goberno de Euzkadi: *Jaugoikoa eta Lagiazarra* (Deus e Lei Vella). Así pois, a radicalidade das súas propostas fixo que o movemento nacionalista vasco, dende as súas orixes, se caracterizase pola súa intransixencia, o seu racismo e o seu profundo catolicismo.

En 1895 fundouse o **Partido Nacionalista Vasco**, que estivo dirixido por un consello presidido por Sabino Arana (o *Bizkai Buru Batzar*), e a partir de 1898 os nacionalistas vascos presentáronse ás eleccións logrando os primeiros éxitos.

6. GALEGUISMO

En Galiza, a partir de mediados do século XIX tamén xurdiu unha progresiva toma de conciencia das súas particularidades. O resultado foi a configuración dun heteroxéneo movemento, o galeguismo, que reivindica o recoñecemento das peculiaridades de Galiza (defensa da lingua, por exemplo) e o autogoberno do pobo galego (descentralización administrativa). Estas reivindicacións nacían dun contexto marcado pola pobreza e o atraso de Galiza, e da convicción de que os políticos e os gobernos de Madrid aldraxaban e marxaban Galiza.

PROVINCIALISMO

O seu descubrimento como unidade independente doutros pobos tivo lugar ao abeiro do Provincialismo, froito do labor da denominada "xeración de 1846" na que destaca **Antolín Fargallo**. Paralelamente xermola un pensamento político que viu no autogoberno local e na existencia de institucións de goberno propias as solucións aos problemas de Galicia. En 1846 estas ideas estiveron presentes no fracasado pronunciamento de Miguel Solís (Mártires de Carral).

No eido cultural, nesta época desenvolveuse o **Rexurdimento**. Nel destacaron figuras como **Rosalía de Castro** ou **Eduardo Pondal**, ás que lle debemos a recuperación e a defensa do emprego do galego non só como lingua popular, senón tamén literaria. Ademais, historiadores como Benito Vicetto ou Manuel Murguía contribuíron a subministrar argumentos ao nacente galeguismo.

REXIONALISMO

Na década de 1880 aparece configurado un movemento de carácter rexionalista que defende para Galicia o emprego da lingua propia e a consecución do dereito á autonomía política e administrativa sen rachar a unidade do Estado español. A defensa do rexionalismo galego foi formulada dende dúas posturas ideolóxicas: unha **liberal**, liderada por Manuel Murguía; e outra **conservadora**, tradicionalista e católica, representada por Alfredo Brañas.

Manuel Murguía foi o primeiro defensor da existencia dunha nacionalidade galega diferente ás demais, xustificando a súa realidade en razóns étnicas (celtismo), idiomáticas, xeográficas e históricas. Partindo dunha posición liberal, Murguía reivindicou para Galicia o dereito a recobrar a súa autonomía política a través dunha ampla descentralización administrativa e económica. Pola súa banda, **Alfredo Brañas** baseou as súas formulacións sobre o rexionalismo galego en presupostos antiliberais e tradicionalistas, e incluso fundamentou as súas teorías no catolicismo, que el vía como trazo fundamental da alma galega.

Vinculadas ao Rexionalismo apareceron as primeiras organizacións de tipo galeguista (*Asociación Regionalista Gallega*, *Liga Gallega*) e de defensa da lingua (*Real Academia Galega*). Ademais, tamén se fundaron periódicos para a difusión dos seus ideais (*A Nosa Terra*).

En 1907 nace *Solidaridad Gallega* coa intención de agrupar os defensores da descentralización, participar na loita electoral e contribuír ao fomento da riqueza de Galiza. O agrarismo foi un dos seus trazos característicos, feito que contribúe á celebración das Asembleas Agrarias de Monforte.

NACIONALISMO

A partir de 1916, o pensamento político galeguista afirma con rotundidade que Galiza é unha nación. **Vicente Risco**, próximo a un nacionalismo tradicionalista e autor de obras como *Teoría do Nacionalismo Galego* (1920) ou *El Problema Político de Galicia* (1930) e **Afonso Daniel Rodríguez Castelao**, próximo a un nacionalismo democrático e autor da obra *Sempre en Galiza* (1944), foron os que mellor sistematizaron e defenderon os trazos nacionais de Galicia.

Segundo Risco e Castelao, Galiza é unha nación perfectamente diferenciada e caracterizada pola súa lingua (o galego), a súa xeografía (a Terra galega), a súa raza (céltica), o seu espírito (a alma galega, a saudade), a súa cultura e a súa historia, elementos claramente senlleiros con respecto aos demais pobos de España.

No terreo organizativo, o nacionalismo galego manifestouse -inicialmente- a través das *Irmandades da Fala*. En 1916 fundouse na Coruña -estimulada por **Antón Vilar Ponte**- a primeira delas, e en 1918 celebrouse en Lugo a *I Asemblea Nazionalista*, na que se definiu o programa político das Irmandades: a busca da autonomía integral de Galiza.

Na difusión da cultura galega cabe destacar o papel da revista *Nós*, do *Seminario de Estudos Galegos* e da denominada **Xeración Nós**, pois realizaron un intenso labor de estudo, creación e divulgación dos diferentes aspectos que configuran a realidade galega.

7. CONCLUSIÓNS

Durante o s. XIX predominaba un liberalismo moderado centralizador, que tendía a uniformar e a negar a diversidade cultural do Estado español, o que acabou acendendo a mecha dos nacionalismos periféricos (Cataluña, País Vasco e Galiza, aínda que tamén se deu en Valencia).

Esta “cuestión nacional” iría medrando en importancia, sobre todo a partir do desastre do 98. Cataluña será o territorio cunha maior presenza destas novas forzas políticas capaces de enfrontarse aos partidos do turnismo. A preocupación do exército irá medrando, sendo un dos factores que os levaría a dar os golpes de 1923 e 1936. Durante a ditadura, o nacionalismo español do réxime intentou esmagalos. E hoxe, no XXI, segue sendo unha cuestión sen resolver.